



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroen

REUNIÓN

Dirección-Rep.Comité 17/04/09

Esta reunión foi para confirmar a produción de Maio, e anticipar a de Xuño en diante, da que comentan que ten un "*tinte positivo*".

O mércores desta semana, confirmarásenos o pedido duns 24.400 coches, (16.000 B-9; 4.900 B-58 e 3.500 Xsara Picasso) para o período de Xuño-Outubro. Segundo a Dirección, este incremento débese a unha maior demanda do mercado Centro Europeo (Alemaña, Turquía. Rep. Checa, e a Rep. Eslovaca) .

A C.I.G. como asinante da ampliación da Bolsa Horas, en sentido negativo, para ter unha maior marxe e evitar unha posible ERE, saúda este repunte da produción, polo que significa en materia de emprego, como é o mantemento da quenda de Noite, e á que esperamos se lle facilite máis presenza horaria, para ter unha maior cobertura económica nas súas futuras prestacións.

Este incremento de produción, tamén significa que, a curto prazo, non se fará uso da *cláusula nos contratos con xornada variable*.

Produción Maio:

Sistema I, non traballará os días **8, 11, 22, e 25** deste mes. Como contradición a Dirección comenta que en xuño prevense outros 2 días. (?)

Sistema II, Serán laborais todos os días.

Os talleres de CKDs e Prensas, confirmarase esta semana.

Ferraxe Xsara Picasso, seguirá esta semana saíndo as 11'30h. Nova contradición, ó haber colectivos deste taller que non estando afectados, ben podían rotar en busca sempre dun maior equilibrio na distribución da carga de traballo.

Quenda de Noite.- Os traballadores/as de Ferraxe B.9, terán unha presenza de 4h. 8min. En Montaxe 4h.

COMENTARIO.- Ante a lectura que algún sindicalistillo fixo desta boa noticia, puxémonos en contacto cun concesionario de Frankfurt, e nun perfecto galego, pois o paisano que nos atendeu era de Verín, confirmounos que o repunte do mercado Alemán non se debía á "*Flexibilidade horaria asinada para o Sistema II en Vigor*", nin ó "*Acordo da Mobilidade Funcional dos Profesionais*", (dos cales seguiremos falando) senón ás importantes *axudas que o seu goberno está destinando ás familias para activar a economía*.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com